



Muíño de Pedroso



Teléfonos:

657 926 913

616 890 418

[www.facebook.com/
areanaturalmolinodepedroso](https://www.facebook.com/areanaturalmolinodepedroso)

molinodepedroso@gmail.com



OBRADOIROS ESCOLARES

Infantil, Primaria e Secundaria

2026/2027

PRESENTACIÓN

As actividades nas que se basea a nosa oferta, están enfocadas por unha parte, á **recuperación do noso Patrimonio Etnográfico**, por outra, á **educación ambiental, en valores e intercultural**, e engadimos tamén actividades dirixidas ao **reforzo práctico de contidos científicos e tecnolóxicos**.

O **Patrimonio Etnográfico** entendido como o conxunto de manifestacións culturais de carácter inmaterial (saberes, costumes, actividades, etc.) e de carácter material (arquitectura vernácula, artesanía, etc.) resultado da adaptación dinámica e continuada dun colectivo humano ao ámbito natural no que se desenvolve e ás relacións económicas e materiais en que se atopa.

Así, centramos os obradoiros no noso Muíño, pero non só no que é como construción, como estrutura física, senón no funcionamento deste, o proceso da moenda, a eliminación do farelo da faríña e a elaboración e a cocción do pan, noutros oficios tradicionais daquela época na que a realización artesanal desta tarefa, vinculaba o mundo agrícola coa economía familiar, en procesos artesanais de elaboración e conservación de alimentos (obradoiro de cociña e repostaría tradicional, de queixos, de marmeladas), oficios tradicionais (obradoiro de la, de cestaría, de coiro...), e as conexións co patrimonio etnográfico inmaterial, a través de cancións, lendas ou tradicións de "muiñada", nos nosos contacontos para o alumnado de educación infantil.

Deste modo, proporcionaremos aos nenos e nenas que participen nas nosas actividades unha visión práctica e unha análise de como era a nosa sociedade uns anos atrás, conectando cultura con costumes, tradicións, actividades artesanais e agrícolas..... con todo iso que chamamos as nosas raíces.

Isto entra en conexión coa outra gran finalidade das nosas actividades, que é a **EDUCACIÓN AMBIENTAL**. Así, deseñamos obradoiros dirixidos ao uso sostible da agricultura, no noso taller de horta ecolóxica, á reutilización e a reciclaxe, como o taller de papel reciclado, xabón, etc, ao aproveitamento artesanal de plantas para realizar ungüentos e produtos de hixiene e beleza, ao coñecemento da vexetación do Río Xuvia a través dos itinerarios ambientais vendo que o río necesita a vexetación para soster as súas ribeiras e as plantas necesitan ao río para vivir, os talleres de pegadas e rastros, para coñecer a fauna autóctona do ámbito do río, que aínda que non a vexamos, sabemos que está polos rastros cos que nos obsequia,...

En segundo lugar, tendo en conta as suxestións dos propios centros, engadimos á nosa oferta o Obradoiro de **EDUCACIÓN INTERCULTURAL E A EDUCACIÓN EN VALORES**, dirixido sobre todo ao alumnado de Educación Secundaria, que está nunha etapa na que debe ter en conta os retos da sociedade actual, desde unha perspectiva de xénero e intercultural, analizando tamén os roles de xénero que nos impón a sociedade, ou os valores que desexamos para a sociedade na que queremos envellecer.

Por último, presentamos un grupo de actividades adicadas ao **REFORZO PRÁCTICO DE CONTIDOS CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS**, dirixidas prioritariamente ao alumnado de Secundaria, para que os grupos participantes conecten o aprendido na aula coa realidade.

Esperamos que estas actividades vos resulten de utilidade e interese.

1.- OBRADOIRO DE PAN

Ao desenvolverse a meirande parte das actividades no Muíño de Chao, ten un peso especial na nosa programación o **Obradoiro de Pan**. Este é un obradoiro cun enfoque integral, no que ofrecemos unha visión desde o comezo do proceso da moenda ata a obtención do produto final: un boliño de pan. Así o obradoiro extendido comeza cando o grupo participante, escoita a explicación de cómo pasaba a auga pola canle, e que xirando o rodicio facía mover a moa que tritura o grao. Como resultado deste proceso, obtían a fariña integral, que poderemos peneirar para sacarlle o salvado. Coa fariña libre de salvado, fermento, auga, aceite e sal, poderemos amasar un boliño, que unha vez fermentado, meteremos a cocer no forno. O obradoiro curto podreá comezar co peneirado ou ben co amasado do pan.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades**.

Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o proceso tradicional da moenda e o ciclo do pan.
- Poñer en valor o noso patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- Promover a alimentación saudable.
- Poñer en valor o noso patrimonio medioambiental.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.



2.- OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE QUEIXO

Neste obradoiro os grupos realizan directamente todo o proceso de fabricación do queixo fresco a partir de leite cru de vaca, que previamente ao inicio do obradoiro someteremos a un proceso de pasteurización.

Comezaremos o obradoiro co leite a 30°C despois da pasteurización, de xeito que xa non supoña un risco para nenas e nenos participantes. Mentres chega xusto a esa temperatura, explicaremos o proceso da pasteurización e a súa importancia para a seguridade alimentaria. Unha vez que chegue a 30°C, mesturamos o leite co callo e o sal. Como hai que deixalo repousar uns tres cuartos de hora, poderase alternar esta actividade con outro obradoiro, e retomalo despois.



Cando cheguemos de volta, o “leite” estará cuberto dun líquido amarelento: o soro, debaixo do que estará o leite callado co que comezaremos a traballar (tamén, e segundo a programación elixida, podemos comezar neste punto o

obradoiro e explicar verbalmente o proceso anterior).

Industrialmente, o leite callado córtase con coitelas, pero neste obradoiro cortarémolo con suavidade coas mans. É toda unha experiencia meter as mans no leite callado, aínda morno e tenro ao tacto e notar como cede suavemente ao contacto cos dedos.



Pasaremos a sacar o soro coa axuda dun coador ata que aglutine e tome a forma dun queixo fresco.

Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**


Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o proceso tradicional da fabricación de queixo de leite de vaca.
- Poñer en valor o noso patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- Promover a alimentación saudable.
- Poñer en valor o noso patrimonio medioambiental.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.

3.- OBRADOIRO DE CESTERÍA

Este é un dos oficios tradicionais que sempre estaba presente na vida cotiá dos/as nosos/as antepasados/as e que realizamos para os grupos participantes no Muíño de Chao.

A cestería tiña especial presenza no inverno, cando as horas nas que xa non había sol, e polo tanto non se podían realizar tarefas agrícolas, enchíanse con traballos complementarios que podían facerse na casa, acarón da



lareira. Aínda que avoas e avós traballaban con vimbios e varas de salgueiros, estes materiais poden resultar demasiado duros para mans novas e inexpertas, polo que propoñemos o uso de materiais coma a médula de xunco para a recuperación deste oficio tradicional.

Idades recomendadas: A idade mínima recomendada para a realización deste obradoiro é de 8 anos. Para que resulte máis doado poden traballar cunha base de madeira furada todo arredor, para que lles sexa posible facerse coa técnica. A partir de Secundaria, xa teñen máis forza nos dedos e xa son quen de poder comezar coa cruceta de base e seguir confeccionando unha pequena cesta, bandexa, etc.



Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o oficio tradicional da cestería.
- Poñer en valor o noso patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- Promover o desenvolvemento sostible e a reutilización de material de refugallo.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a psicomotricidade fina e a creatividade.

4.- OBRADOIRO DE LÁ

Este oficio artesanal vains permitir a fabricación dun pequeno novelo de lá, por nós mesm@s e fainos ver tamén o custe do traballo artesanal do fiado da lá. Este obradoiro recrea outro dos oficios tradicionais da nosa cultura, e conéctanos con xeracións pasadas, aínda que non tan afastadas no tempo, facéndonos comprender a dureza do día a día de nosos avós e avoas, pero tamén poñendo en valor a calidade dos produtos artesanais.



Nesta actividade, explicamos e transmitimos todas as fases de obtención da lá fiada, a partir do vélaro (o pelo) das ovellas. En primeiro lugar amosamos en imaxes como se obtén o **vélaro**, rapando as ovellas, polo xeral na primavera ou no verán, e poderán



ver unas tesoiras de rapar ovellas (poderán ver un vélaro dunha peza sen procesar). O primeiro que se fai co vélaro é lávalo en baldes de auga quente para sacarlle a lanolina (que ten moitísimos usos en cosmética, por exemplo) e outros residuos. Dáselle unha última auga fría, e o seguinte paso é o secado da lá ao aire libre ou preto da lareira ou dunha fonte de calor.



Comezamos o cardado da lá, estirando con moito coidado as fibras, ata que teñan unha textura suave e lixeira, cunha cardadora ou cun cepillo de cardar. E por fin, comezamos a fiar as fibras de lá xa cardada, ata obter o grosor desexado. Este fío podemos gardalo en nobelos ou madeixas, que lávanse con xabón por última vez, para utilizalo despois na súa cor natural, ou tinguido con produtos naturais.

Idades recomendadas: A idade mínima recomendada para a realización deste obradoiro é de 8 anos.



Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o oficio tradicional do fiado da la de ovella.
- Poñer en valor o noso patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- Promover o desenvolvemento sostible e a utilización de produtos naturais e artesáns en contra do consumismo desmesurado.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a psicomotricidade fina e a creatividade.

5.- OBRADOIRO DE COIRO



Este é outro dos obradoiros de recuperación de oficios tradicionais que realizamos no Muíño de Chao en Pedroso. Fainos coñecer o valor da artesanía, coa creación dunha peza que nos vai durar toda a vida, ao mesmo tempo que pon en valor un oficio co que @s nos@s antepasados fabricaban moitos obxectos da vida cotiá.

Explicaremos con imaxes como se curte unha pel, e poderán ver, tocar e manipular peles de porco (pekari), de vaca (vaqueta), de ovella (badana) e pel de potro. Coñecerán as ferramentas básicas para traballar o coiro e o proceso de sinxelas, cortado, cosido e troquelado.



trenzado para as pezas máis



Aínda que no obradoiro non teremos tempo a facer repuxados, amosarémolles pezas de mostra, así como tamén algunhas pezas tinguidas ou pirogravadas.

Idades recomendadas: A idade recomendada mínima para realizar este obradoiro é de 8 anos.

Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o oficio tradicional do traballo do coiro.
- Poñer en valor o noso patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- Promover o desenvolvemento sostible e a utilización de produtos naturais e artesáns en contra do consumismo desmesurado.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a psicomotricidade fina e a creatividade.

6.- OBRADOIRO DE HORTA ECOLÓXICA

Este é un dos nosos obradoiros de Educación Ambiental que realizamos na Área Natural do Muíño de Pedroso. Axeitado para todas as idades a partir de 3 anos en adiante, o grupo de participantes, experimenta directamente o proceso da vida a través da nosa horta.



As actividades van estar condicionadas á época do ano na que nos atopemos, pero ao dispoñer do invernadoiro, podemos realizalas tanto se chove coma se vai tempo máis seco. Poderán



experimentar todo o proceso dunha horta, desde acondicionar o chán de xeito sostible, utilizando o compost cos residuos naturais que xeramos, ata facer sementeiras, transplantar, repicar, sacar herbas competidoras, e incluso, en época de colleita, recoller as plantas que xa estean listas para o consumo.

Poderán regar, e observar como a asociación de cultivos é unha alternativa sostible á utilización de plaguicidas que danan o noso medio ambiente.

Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**



Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o traballo nunha horta ecolóxica.
- Poñer en valor o noso patrimonio ambiental.
- Promover o desenvolvemento sostible e a agricultura ecolóxica de autoconsumo.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a psicomotricidade fina e o respecto polo medio ambiente.
- Achegar ás nenas e nenos participantes ás froitas e verduras.



7.- OBRADOIRO DE COSMÉTICA NATURAL, AMBIENTADORES E UNGÜENTOS ARTESANAIS

Este é outro dos nosos obradoiros de Educación Ambiental que realizamos na Área Natural do Muíño de Pedroso. Axeitado tamén para todas as idades a partir de 3 anos en adiante, as actividades adáptanse á franxa de idade do grupo.



Así, para grupos de Educación Infantil, propoñemos a realización de sales de baño ou ambientadores aromáticos a partir de elementos naturais.

Mentres que para os grupos de idades superiores, ademais destas actividades, propoñemos outras como a realización de ungüentos ou cremas cosméticas básicas, ou a elaboración de xabón.



Poderase explicar tamén como se destilan as esencias e aceites esenciais de cítricos e flores, e poderán ver un pequeno alambique para a realización desde proceso.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Descubrir e experimentar cos aromas da Natureza.
- Poñer en valor o noso patrimonio ambiental.
- Promover o desenvolvemento sostible e o uso de produtos naturais.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a psicomotricidade fina e o respecto polo medio ambiente.

8.- OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE MARMELADAS


Dentro do noso programa de Educación Ambiental, engadimos este obradoiro de transformación de froitas en marmeladas caseiras realizadas de xeito artesanal para aproveitar todo o sabor e o valor nutritivo das froitas de tempada.



Este obradoiro é axeitado para todas as idades, xa que adaptaremos o tipo de froita a utilizar ás idades e capacidades do grupo participante. Tamén dependendo das idades poderán participar activamente en todas as fases ou só na limpeza e troceado da froita, como é o caso do alumnado de Educación Infantil.

A realización dunha marmelada caseira é moi sinxela, aínda que hai que ter en conta as proporcións de froita e azucre, o contido axeitado de pectina segundo o pH da froita, e a posible necesidade da corrección do grao de acidez da froita.

Explicaremos ao grupo de participantes estes conceptos, e veremos que hai alternativas aos produtos químicos, xa que, por exemplo, utilizaremos a mazá en lugar da pectina industrial, así como o zume de limón en lugar do ácido cítrico industrial.



Veremos así que podemos obter un produto de calidade óptima e que pode conservarse moitos meses nun lugar fresco e escuro, sen necesidade de produtos químicos.

Dependendo da época do ano, podemos realizar unha saída previa ao obradoiro, para recoller amoras para a marmelada, ou ben utilizar cabazas da nosa horta ecolóxica para fabricar cabelo de anxo. Senón, utilizaremos froita de tempada.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Descubrir e experimentar o proceso tradicional da fabricación de marmeladas de froitas de tempada.
- Coñecer alternativas sostibiles de aproveitamento dos recursos naturais.
- Promover a alimentación saudable.
- Poñer en valor o noso patrimonio medioambiental.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Mellorar a psicomotricidade fina e a creatividade do grupo de participantes.

9.- OBRADOIRO DE RECICLAXE



Este obradoiro de Educación Ambiental, baséase na posibilidade de dotar de varias vidas aos materiais de refugallo. Cando xa utilizamos un material, e parécenos que o refugo que sobra xa hai que tiralo, debemos deternos a pensar se lle podemos dar un novo uso, de xeito que poida cumprir unha nova función, e por outra banda, non xeremos máis refugos que os absolutamente imprescindibles.

Así propoñemos una serie de actividades dentro deste obradoiro, coma o de papel reciclado, co que podemos facer despois infinidade de obxectos, coma axendas, bombas de semillas ou mini hortas con base de papel reciclado. Posa-vasos con restos de plastilina, obxectos con envases, tetra-bricks, envoltorios, anellas de latas de refrescos, cápsulas de café, mosaicos con CD's vellos ou con cáscaras de ovos, etc As posibilidades son case infinitas, xa que na actualidade hai tal cantidade de envases, embalaxes e envoltorios, que cada día xorden novas posibles vidas para todo ese material de refugo.

Ademais da elaboración práctica dalgún obxecto a partir de material de refugallo, falaremos da regra das tres R's (reducir, reutilizar e reciclar) como alternativa sostible ao consumismo que domina a nosa sociedade.




Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Promover o desenvolvemento sostible dotando de varias vidas aos materiais de refugo.
- Darse conta do excesivo materialismo que impera na sociedade.
- Traballar o sentimento de responsabilidade na conservación do noso patrimonio ambiental.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Mellorar a psicomotricidade fina e a creatividade do grupo de participantes.


10.- ITINERARIOS MEDIOAMBIENTAIS

Dentro do módulo de Educación Ambiental, esta actividade pola súa propia natureza realízase no exterior e nos arredores da Área Natural do Muíño de Pedroso. Esta área, encadrada dentro da Rede Natura 2000, é un espazo protexido dunha beleza natural e dun valor medioambiental incomparable.



O Río Xuvia, é un dos grandes protagonistas destes itinerarios, ofrecéndonos toda a exuberante vexetación de río e de ribeira, onde podemos atopar numerosos bioindicadores que nos indican que é unha zona de contaminación cero. Coñeceremos o valor e a función que realiza esta vexetación autóctona na estabilización e o mantemento das ribeiras, mantendo a zona libre da erosión e aportando materia orgánica ao solo e a o ecosistema.

Coñeceremos as especies de flora e fauna máis representativas deste contorno natural, pero non só da zona da ribeira, senón tamén especies coma os carballos, castiñeiros e bidueiros que forman parte da vexetación de fraga atlántica doutras zonas que percorrерemos nos itinerarios.



Veremos tamén algunhas plantas medicinais e comentaremos os seus usos a medida que os atopemos durante o itinerario.

Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Coñecer as principais especies da flora e fauna autóctona da zona do Río Xuvia e a vexetación de ribeira.
- Coñecer os usos das plantas medicinais do contorno do Río Xuvia.
- Valorar a biodiversidade e o valor medioambiental do noso contorno natural.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Promover hábitos de vida saudable e mellorar o estado físico do grupo de participantes.

11.- OBRADOIRO DE PEGADAS E RASTROS

Numerosos animais dos nosos montes son nocturnos e tímidos, polo que son difíciles de observar; pero podemos coñecer a súa presenza cando deixan as súas pegadas marcadas no barro ou no po dos camiños. Coñecer cada unha destas pegadas e diferenciarlas das doutras especies internaranos, por medio do Taller de Pegadas e Rastros, no coñecemento da fauna que poboa o noso ámbito máis próximo.



O "Obradoiro de Pegadas e Rastros" comezará cunha breve presentación didáctica das especies de fauna máis comúns da Área Natural "Muíño de Pedroso", na que coñeceremos as súas características, costumes, alimentación e reprodución, e tras a cal poderemos realizar un Itinerario polo contorno, ou ben con fotos e mostras físicas, poderemos chegar a imaxinar de quen son esas plumas, ou esas crinas enganchadas nas árbores, quen vive nesa madrigueira, ou quen mordisqueou esa pina ou ese cogomelo, quen fozou o terreo, etc. Observaremos tamén niños de aves ou de insectos, ou egagrópilas (restos regurxitados sen dixerir), para identificar quen pasou por alí antes ca nós.



A actividade poderá finalizar cun obradoiro de elaboración de pegadas no que, coa axuda de

numerosos moldes de pegadas, o grupo de participantes construírá unha pegada dun animal que, unha vez seca, poderán colorear e leva-la como recordo do aprendido na actividade.


Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Coñecer as principais especies da fauna autóctona da zona do Río Xuvia.
- Coñecer algún rastro e pegadas que nos aporten indicios da presenza de animais na zona.
- Valorar a biodiversidade e o valor medioambiental do noso contorno natural.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a capacidade de observación e de posta en relación do grupo de participantes.


12.- SUPERVIVENCIA E ORIENTACIÓN

Esta actividade, deseñada especialmente para os grupos de Educación Secundaria, conecta directamente co obradoiro de experimentos e pon en práctica algúns conceptos teóricos aprendidos na aula. Así, aprenderase a manexar un compás magnético e a interpretar un mapa, de xeito que os grupos sexan levados a un punto do que terán que regresar ao campamento base,




analizando cal é o mellor percorrido, segundo as curvas de nivel, os posibles obstáculos, etc, só coa axuda dun mapa e dun compás. Aínda que lles daremos algunhas nocións básicas de orientación por métodos naturais, para saber sempre como orientarse e onde está o Norte, aínda que non teñan un compás. Cada grupo irá permanentemente acompañado dunha persoa do noso equipo.

Tamén aprenderase algunhas técnicas sinxelas de supervivencia no medio natural, como a



construción dun refuxio para pasar unha noite ou un cobertizo, como atopar auga, como construír unha potabilizadora básica se sospeitamos que a auga non é potable, ou como desinfectar, filtrar ou desalgar auga salgada. Tamén como realizar unha fogueira para cociñar ou quentarse.



Idades recomendadas: O obradoiro de orientación pódese realizar a partir de 7 anos e o de Supervivencia a partir de 10 anos.


Obxectivos:

- Poñer en práctica algúns conceptos teóricos explicados na aula.
- Ser quen de atopar unha ruta cun mapa e un compás magnético.
- Ser quen de sobrevivir no medio natural se nos perdemos nunha excursión.
- Observar como a Natureza nos ofrece recursos naturais para a nosa vida diaria.
- Mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais das persoas participantes.
- Traballar a capacidade de observación e de posta en relación do grupo de participantes.

13.- OBRADOIRO DE PREHISTORIA

Dentro deste Obradoiro, e dependendo das franxas de idade, poñemos a disposición dos grupos escolares diferentes actividades:

Obradoiro de pinturas rupestres: desde 3 anos ata 6º de Primaria. Adaptarase ao nivel de idade. Os grupos de educación Infantil verán que tipos de figuras se pintaban e por que e imitarán algunhas figuras das que se conservan na Cova de Altamira, pintando e difuminando e coa técnica do estarcido como as mans en negativo das pinturas rupestres. Os grupos de Primaria, experimentarán con materiais similares aos utilizados polos artistas prehistóricos de xeito que utilizarán tizóns e carbón vexetal para os negros, realizarán mesturas de graxa, ocre e arxilas para conseguir tonalidades vermellas, ocre, ... e verán o significado das pinturas e a súa relación co día a día das comunidades humanas nesa época.



Iluminación prehistórica: Lámpada de tuétano.

Dirixido ao alumnado de Secundaria e dos últimos cursos de Primaria. Fabricación dunha mecha con fibras vexetais da nosa contorna que insertaremos nun recipiente coma unha casca de noz, unha cuncha dun bivalvo, unha pedra furada, ou nun oso que encheremos de graxa e tuétano dun óso de animal.



Cerámica Neolítica:

a través das técnicas máis tradicionais do traballo da arxila e utilizando só elementos naturais coma fibras vexetais, cunchas e barro realizarán un recipientes utilizando as técnicas máis básicas coma a de belisco ou a de rolos, adornando as pezas con decoración cardial (de cunchas) ou gravados xeométricos.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

14.- TIRO CON ARCO

Presentamos a actividade de iniciación a esta práctica deportiva que se desenvolve prioritariamente no medio natural, e que, aínda que a súa práctica comezou como instrumento de caza, na actualidade está catalogado como deporte olímpico.

Traballaremos a través desta actividade, a precisión, a capacidade de concentración, a coordinación ollos-brazos e o autocontrol

Explicaremos os principios físicos polos que a frecha sae a gran velocidade realizando una cantidade de forza relativamente pequena. Os arcos funcionan transmitindo a enerxía potencial elástica que acumulan as pás ao tensar o arco en enerxía cinética á frecha.



Comezaremos as sesión explicando as medidas de seguridade básicas para poder practicar este deporte, distancias, colocación do grupo, etc, así como o funcionamento dos elementos de protección coma dactileiras, protectores de brazo, etc.

Explicaremos tamén as partes do arco, das frechas, e cómo as plumas son o timón e as estabilizadoras da dirección. Unha vez explicado o procedemento da montaxe e colocación das frechas no arco, os grupos comezarán a practicar por quendas para intentar alcanzar algunha parte a diana, e a ser posible, a parte central.

Esta actividade, conecta moi ben, por unha banda, co obradoiro de Prehistoria, para que comprendan o difícil que era conseguir alimento nese tempo; e por outra banda, con calquera actividade de educación ambiental, ao desenvolverse ao aire libre, traballárase transversalmente o valor de poder gozar de actividades no medio natural, e da importancia de coidalo, potenciando tamén os hábitos de vida saudables.



Idades recomendadas: **Idades recomendadas:** A idade recomendada para esta actividade a partir de **6 anos**.

15.- Xogos Predeportivos e Alternativos



Nesta actividade, daremos a coñecer deportes minoritarios coma o béisbol ou xogos de contido físico por equipos nos que os grupos participantes terán que traballar en equipo para acadar os obxectivos propostos.

Ao realizar estas actividades no medio natural, proporciónanse a quen o practica innumerables beneficios tales coma:

- O acceso a espazos verdes está asociado coa lonxevidade e a diminución do risco de enfermidade mental.
- Menor sensación de fatiga (percepción do esforzo). O medio ambiente prové ao noso sistema nervioso de diversos estímulos agradables que serven de distracción e reducen a conciencia sobre as sensacións fisiolóxicas ou emocións negativas. Isto pode axudar a aumentar a cantidade de actividade física realizada e a motivación para continuar.
- Despois do exercicio en espazos verdes, a presión arterial volve aos valores basais máis rapidamente que cando se realiza en zonas urbanas.
- Beneficio para a saúde psicolóxica é inmediato, xa que o primeiros cinco minutos de exercicio verde parece ter o maior impacto no estado de ánimo e a autoestima.
- Promove a creación de vitamina D. A obesidade adoita estar asociada a baixos niveis de vitamina D, unha vitamina que o corpo produce cando a pel expónse directamente ao sol e que fixa o calcio e o fósforo para a formación dos ósos. O exercicio ao aire libre protexe ás persoas con sobrepeso de hipovitaminosis D.
- Mellora o manexo da tensión. Os marcadores endocrinos relacionados coa tensión como a adrenalina, noradrenalina e cortisol, caen despois de estar en contacto coa natureza.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

Obxectivos:

- Promover hábitos de vida saudable.
- Fomentar a capacidade de traballo en equipo.
- Coñecer deportes pouco practicados na nosa área coma o béisbol.
- Promocionar a realización de actividades no medio natural.

16.- XOGOS POPULARES

Engadimos tamén neste bloque de actividades físicas no medio natural, un obradoiro no que o alumnado conectara coas nosas raíces a través dos xogos populares aos que xogaban nosos avós e avoas.

Así, poñemos a disposición dos grupos de centros educativos xogos populares de habilidade e precisión como son por exemplo: a pesca de botellas, os peóns, os bolos celtas, a rá, a chave da bisbarra de Ferrolterra, os esquís de tres, a zoadeira, o aro, os tirachinas, as chapas, a mariola, ...



Combinámoslos con outros no que predomina o equilibrio, a forza e a axilidade, como os zancos, as carreiras de sacos, a porca, as catro esquinas, o pano, a corda, o trespés, o brilé, ...

Con estas actividades, o alumnado adquire unha serie de competencias, ademais do coñecemento das nosas raíces e os hábitos de vida saudables:

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, xa que o traballo se desenvolve baseándose no coñecemento de distintos medios
- Competencia social e cidadá, por medio dos xogos favorecemos o organización, cooperación e comunicación e, ao mesmo tempo, facilitamos a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.
- Competencia cultural e artística, tratando de favorecer nas propostas que lles presentamos e nas actividades que desenvolven aspectos relevantes como a imaxinación e a creatividade.
- Competencia para aprender a aprender nas actividades anteriormente citadas, para un axeitado coñecemento de si mesmos/as, do seu corpo e dos demais e, tamén, para o desenvolvemento de diferentes estratexias.
- Autonomía e iniciativa persoal; coas actividades que plantexamos tratamos de favorecer a exploración e a busca.



Idades recomendadas: Este é un obradoiro que se pode adaptar a **todas as idades.**

17.- PAINTBALL INFANTIL

O paintball infantil, é unha modalidade do paintball deseñado e adaptado para nenos a partir de 8 ó 10 anos de idade. Nesta actividade, todos os materiais están adaptados á idade infantil, polo que non se producen as lesións ou marcas típicas das pelotas do paintball adulto.

Outro aspecto moi importante é a promoción de hábitos de vida saudable, ao ser unha actividade física que se realiza no medio natural, afastada do lecer “electrónico” tan popular na infancia e na mocidade actual, e trasládaos a escenarios naturais onde utilizar as súas capacidades físicas e estratéxicas. Durante a partida de paintball infantil desenvólvense habilidades adaptativas moi importantes como a cooperación, compenetración e o traballo en equipo, análise de situacións, pensamento reflexivo e o desenvolvemento de determinadas habilidades como a concentración e a planificación.

As principais diferenzas co paintball de adultos son:

1.- As MARCADORAS INFANTÍS son de accionamiento manual, non semi-automáticas como as de adultos/as.

As marcadoras dos nenos son de pre-carga: hai que cargalas en cada disparo e desta maneira as bólas aproveítanse mellor e non se disparan tantas seguidas como no paintball de adultos...

2.- Están deseñadas especificamente para que a manexen as/os nenas/os.



3.- Son marcadoras de muelle (a diferenza das de adultos que adoitan ser de CO₂ ou de aire comprimido).

4.- Alcanzan unha distancia e velocidade menor (ao ser de muelle, non saen con tanta velocidade).



5.- As bólas de pintura tamén están pensadas para os nenos (adoitan utilizarse unhas bólas cun diámetro menor e cunha cobertura máis branda, resultan practicamente indoloras ao impactar co corpo).

Ademais, extremamos as medidas de seguridade, xa que dentro do equipo, proporciónase, ademais da marcadora, casco con pantalla, protector de pescozo e protector de peito. Recoméndase vir á actividade con pantalón longo e calzado que nos permita correr no medio natural.

Idades recomendadas: Esta actividade está recomendada para grupos de idades superiores a 8 anos.

18.- OBRADOIRO DE ELECTRICIDADE.



Moitos dos aparellos que temos nos fogares funcionan con enerxía eléctrica ou electromagnética, xa que a corrente eléctrica xera o seu propio campo magnético. Ás veces, a electricidade parece un fenómeno máxico e difícil de comprender, pero con sinxelos experimentos, podemos comprobar a súa existencia e xerar, luz, calor, movemento, ...



Propoñemos en primeiro lugar experimentos básicos, como a construción dun circuíto eléctrico sinxelo, un comprobador de continuidade de corrente ou un electroímán. Os imáns poderosos son difíciles de separar unha vez xúntanse. Hoxe en día existen moitos usos para

imáns poderosos, pero estes usos terían grandes inconvenientes se non puidésemos separar os obxectos que estes atraen (nos electroimanes, cesa o magnetismo ao cesar a corrente eléctrica).

Pero tamén propoñemos outros menos tradicionais, nos que poderán xerar enerxía eléctrica a partir de obxectos cotiáns, como moedas, froitas, árbores, latas de refrescos, As froitas e verduras que son cítricas; convértese nunha opción de obter enerxía de maneira natural e moitos científicos recorren a este tipo de enerxía para realizar experimentos.



Ou ben, experimentos para comprobar o Efecto Joule, provocando que a enerxía eléctrica transfórtese en calor, creando resistencias de diversos tipos. A gran resistencia que opón un cable moi fino ao paso da corrente eléctrica xera calor. Esta propiedade úsase en todo tipo de estufas e radiadores, pero tamén en secadores de pelo, fornos, ferros, aparellos para quentar líquidos, etc.


Idades recomendadas: Esta actividade está recomendada para grupos de idades superiores a 10 anos.

19.- XOGOS DE LÓXICA-MATEMÁTICA E ENXEÑO.

Un destacamento de soldados ten que pasar indispensablemente un río. Pero a ponte está destruída e o río é profundo. Que facer? De súpeto o comandante ve dous nenos navegando nunha barca non lonxe da beira. Pero a barca é tan pequena que nela poden cruzar o río ao mesmo tempo un soldado ou os dous nenos E ningún máis. Con todo, todos os soldados pasaron o río precisamente na devandita barca. Como o conseguiron?

Os xogos de enxeño, lóxica e estratexia melloran as habilidades mentais do alumnado, o seu rendemento en materias prácticas, como matemáticas ou ciencias, que requiren unha maior capacidade de reflexión que as puramente teóricas.

Os enigmas baseados na orientación espacial e o enxeño, melloran as capacidades cerebrais de abstracción, a coordinación visomotora, a atención, a percepción e a memoria visual, pero tamén a capacidade de resolución de problemas e o desenvolvemento da intelixencia práctica.



Construíuse unha casa utilizando mistos. Cambiar nela a posición de dous mistos, de tal forma que a casa apareza doutro costado

Pódese dividir 5 pregos de papel entre oito escolares, non dividindo ningún prego en oito partes?

O pensamento lóxico matemático é fundamental para comprender conceptos abstractos, razoamento e comprensión de relacións. Todas estas habilidades van moito máis alá das matemáticas entendidas como tales, os beneficios deste tipo de pensamento contribúen a un desenvolvemento san en moitos aspectos e consecución das metas e logros persoais, e con iso ao éxito persoal. A intelixencia lóxico matemática contribúe a:

- Desenvolvemento do pensamento e da intelixencia.
- Capacidade de solucionar problemas en diferentes ámbitos da vida, formulando hipótese e establecendo predicións.
- Fomenta a capacidade de razoar, sobre as metas e a forma de planificar para conseguilo.
- Permite establecer relacións entre diferentes conceptos e chegar a unha comprensión máis profunda.
- Proporciona orde e sentido ás accións e/ou decisións.

Idades recomendadas: Esta actividade está recomendada para grupos a partir de 9 anos.

20.- ESCAPE -ROOM

As escape rooms son unha das actividades de **traballo en equipo e razoamento aplicado** que máis nos demandan na actualidade. Coa premisa simple de encerrar a un grupo nunha sala durante un tempo concreto, coa finalidade de que logren saír nun tempo taxado (1 hora) resolvendo pistas encadeadas e enigmas, son moitos os grupos que repiten (hai varias aventuras diferentes) debido á **sensación positiva coa que finalizan a experiencia**.



Máis aló de pasar un intre divertido coteu grupo, queremos amosarmos os factores que nos fan aprender gozando con estas actividades, así como os beneficios que nos achega a súa realización.

1. **Traballo en equipo:** ao tratarse dunha actividade de colaboración grupal baseado en superar unha serie de enigmas durante polo menos unha hora, énos inevitable desenvolver e potenciar o traballo en equipo con todos os membros do grupo. É imprescindible a **comunicación, a organización e o apoio entre todas as persoas participantes** para gozar completamente do xogo e conseguir saír da maneira máis eficiente posible.
2. **Desconexión:** grazas ás escape-room, podemos gozar dun ambiente completamente inmersivo no que nos meteremos nunha historia e deixaremos atrás os problemas ou rutina que levabamos ás nosas costas.
3. **Exercita a túa mente:** Se algunha vez participaches nun escape room sabes que non é carne senos, hai que concentrarse e exercitar o razoamento aplicado. Quizais te atopes con algúns enigmas que poden resultarte familiares ou que, debido ás habilidades de cada participante, poden dárselle ben por natureza, pero ao haber probas de todo tipo, as persoas que participen necesitarán de todo o seu **enxeño, creatividade e lóxica** para superalos.
4. **Mellora a autoestima:** a pesar de ser un traballo en equipo, moitas veces serás un haxeazacrave para conseguir superar o reto. E cando iso ocorre, a sensación de valía convirte este intre nun momento inesquecible. Cando, na vida, topámonos con obstáculos e conseguimos superalos, sentimos vitoriosos e a nosa autoestima mellora e só íntestemellor contigo mesmo.
5. **Traballar baixo presión:** tes un tempo determinado para conseguir o teu obxectivo e saír, polo que a presión e adrenalina sempre están presentes neste momento de aprendizaxe. Por iso debes organizarte moi ben, estar alerta, e ser o máis eficiente posible. Se nunha proba perdes moito tempo, sabes que debes gañalo na seguinte, e que debes evitar as distraccións innecesarias para levar a cabo o teu obxectivo. Na vida real atoparásche moitos retos deste tipo, polo que aprender a manter a calma e manexar o estrés en situacións de presión serache de moita axuda.

Idades recomendadas: A partir de 7 anos consultar posibilidade e sempre que sexa posible dividir ao grupo en **grupos reducidos (12 nenas/os)**.

21.- BUBBLE SOCCER (BURBULLAS XIGANTES).



Grazas a nosas bubbles fabricadas con TPU (o material máis resistente do mercado) o grupo de participantes estará sempre protexido #ante calquera choque polo que a súa única preocupación será divertirse.

A partir de **9 anos** poderán elixir esta actividade, na que se introducen dentro das burbullas en cuxo interior hai correas axustables para suxeitar a burbulla ao corpo de modo que o xogo sexa sempre

seguro. E agora xa está todo perfecto para calquera persoa que acepte o desafío.

Con estas burbullas poderemos realizar gymcanas, xogar aos birlos xigantes, sesións deportivas e xogos, ou un partido de fútbol-burbulla, que aínda que naceu en Noruega, na actualidade popularizouse en toda Europa.

Beneficios das actividades con Bubble-Soccer:

- Ofrece exercicio cardiovascular, polo que promove hábitos de vida saudable e actividade física ao aire libre.
- Traballo en equipo e cohesión social promovendo valores de superación e compañeirismo.
- Promove a diversión e a toma de contacto cun deporte diferente que permita a experimentación e a proposta de novas alternativas de actividades físicas.



Idades recomendadas: Esta actividade está recomendada para grupos a partir de 9 anos.

22.- FESTA HOLI

A festa Holi é moito máis que unha sorprendente tradición nada na India que transforma



ao grupo nun caleidoscopio de pos de cores. É unha das imaxes máis sorprendentes para os viaxeiros. Tanto é así que os primeiros comerciantes europeos e os colonizadores británicos xa deixaron testemuñas escritas no século XVII. Ocorre en todo o país: unha nube de cor levántase sobre un xentío que baila e axítase feliz.

Lánzanse pos de cores con total liberdade, os corpos e as roupas quedan cubertos totalmente polos pigmentos. Sorrín. É o Holi, o festival das cores, que cada ano celébrase ao redor dos meses de marzo e abril na India e Nepal.



Propoñemos esta actividade por ser un símbolo de integración e lelicia. Integración, porque persoas de todas as idades e castas, separadas ríxidamente noutros contextos sociais, únense nesta festa co único obxectivo de pasalo ben e celebrar a chegada da primavera. Hai varias lendas que deron orixe a esta peculiar tradición e todas teñen relación coa celebración do ben sobre o mal, polo que transmite unha mensaxe positiva e de

unión do grupo. A composición dos pos Holi utilizados nesta actividade é con base de fariña de maíza e son hipoalérxicos.

Idades recomendadas: A partir de 5 anos. Deberán traer roupa de recambio, e gafas de piscina para os menores de 8 anos.

TARIFAS E CONDICIÓN XERAIS

- **Actividades de Medio Día (3 horas):** de 10:30 a 13:30. Reservaranse 3 actividades ordeadas por orde de preferencia das descritas anteriormente (no caso de que as 3 sexan de duración longa, no momento de enviarvos o email coa confirmación da reserva, indicárase que só se poderán realizar as 2 primeiras. **Prezo: 10 € neno/a (9 € neno/a de centros educativos do Concello de Narón).** Agás para as actividades de: a) cestería, queixo, marmelada e coiro (que teñen un prezo a maiores de 1 € por nena/o, b) Burbullas Xigantes (2,50 € a maiores por neno/a) e c) Paintball, Festa Holi e Escape-Room (que teñen un prezo a maiores de 4 € neno/a).
- **Actividades de Día Completo (5 horas e media):** de 10:30 a 16:00. Reservaranse 5 actividades ordeadas por orde de preferencia das descritas anteriormente (no caso de que as 5 sexan de duración longa, no momento de enviarvos o email coa confirmación da reserva, indicárase que só se poderán realizar as 4 primeiras). **Prezo: 14 € neno/a (12,60 € neno/a de centros educativos do Concello de Narón).** Agás para as actividades de: a) cestería, queixo, marmelada e coiro (que teñen un prezo a maiores de 1 € por nena/o, b) Burbullas Xigantes (2,50 € a maiores por neno/a) e c) Paintball, Festa Holi e Escape-Room (que teñen un prezo a maiores de 4 € neno/a).
- Reserva da actividade como mínimo cunha semana de antelación. **Confirmación definitiva do número de participantes, dous días antes.** Facturarase o número de participantes confirmados previamente, pero no caso de ser menos persoas das confirmadas, só se descontarán, como máximo, o prezo de 2 participantes.
- Imprescindible coa confirmación definitiva, **COMUNICAR CALQUERA TIPO DE ALERXIA** ou especialidade alimentaria, así como **COMUNICAR NECESIDADES ESPECIAIS** que poida haber no grupo (se precisan de apoio de forma habitual, ou non son capaces de seguir as normas da actividade, presentan trastornos de conduta ou condutas que impidan a convivencia dentro do grupo, deberán participar cunha persoa coidadora do seu centro educativo) ou comunicar calquera dato relativo ao grupo ou ás persoas que o compoñen, que poida afectar ao desenvolvemento e/ou á seguridade da actividade.
- O profesorado e as persoas adultas acompañantes do grupo, responsabilizaranse de que os/as nenos/as respecten o contorno e as instalacións e as deixen en perfecto estado, debendo reparar os danos causados polo mal uso do material e instalacións.
- A participación na actividade supón a aceptación das presentes Condicións Xerais.

NOTA1: Os horarios propostos son sempre orientativos, xa que podemos adaptarnos ás necesidades de horarios de cada centro educativo.

NOTA2: En relación cos produtos alimenticios elaborados nos obradoiros, por seren elaborados polas nenas e nenos participantes no marco da actividade, en lugar de por profesionais coas medidas hixiénico-sanitarias da industria da alimentación, en medio protexido, lembramos que poden non cumprir as condicións indicadas pola normativa sanitaria.